

LIBRO DE QUEIXAS E SUXESTIÓNS

1. DATOS DO INTERESADO

Primeiro apelido:	Segundo apelido:
Nome:	N.I.F.:
Domicilio:	
Municipio:	Provincia:
C.P.:	Teléfono:
Correo electrónico:	

2. TEXTO DA QUEIXA SUXESTIÓN FELICITACIÓN (marque o que proceda)

LUGAR, DATA E SINATURA

É posible engadir follas adicionais

En

a

de

de

sinatura do interesado

INFORMACIÓN XERAL

(Real decreto 1676/2009, do 13 de novembro, polo que se regula o Consello para a Defensa do Contribuínte)

I. As queixas e suxestións formuladas ante este Consello non teñen a consideración de recurso administrativo. Polo tanto:

- Son compatibles co exercicio das restantes accións ou reclamacións que poidan exercitar os interesados.
- A súa presentación non suspende as actuacións en curso nin interrompe os prazos para a tramitación e resolución dos procedementos en tramitación.
- As contestacións deste Consello non constitúen nin recoñecen dereitos subxectivos ou situacións xurídicas individualizadas nin son susceptibles de ningún recurso.

II. Presentada e admitida unha queixa, procederase a dar traslado dela ao órgano responsable afectado, o cal deberá remitir resposta directamente e por escrito ao interesado no prazo de 15 días hábiles.

- Recibida a resposta, o interesado poderá manifestar a súa desconformidade con ela no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación.
- Neste caso, o expediente completo será analizado polos correspondentes órganos do Consello que adoptarán a contestación que corresponda da cal se dará traslado ao interesado.

III. A presentación dunha queixa ou suxestión pode ir acompañada da documentación e de calquera tipo de proba cuxo coñecemento polo Consello se estime oportuno.

- Estes documentos ou probas poden tamén achegarse no momento no que, se é o caso, o interesado manifeste a súa desconformidade coa resposta que lle remita o órgano responsable afectado.

IV. Nas queixas debe quedar garantida a identificación de quen as formula e o seu carácter de interesado. As suxestións poden ser formuladas de forma anónima.

- A presentación dunha queixa supón que a Unidade Operativa do Consello terá acceso á información necesaria para o exercicio das súas funcións nos mesmos termos establecidos para a xefatura dos correspondentes servizos afectados, de conformidade co disposto no Regulamento xeral de protección de datos da Unión Europea, REGULAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Os datos persoais facilitados serán tratados pola Axencia Tributaria coa finalidade da aplicación efectiva do sistema tributario estatal e aduaneiro. Poderá atopar máis información sobre a protección de datos persoais e a posibilidade de exercer os dereitos establecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 en https://sede.agenciatributaria.gob.es/Sede/gl_es/condiciones-uso-sede-electronica/datos-personales/informacion-sobre-proteccion-datos.html así como información específica do tratamento en https://sede.agenciatributaria.gob.es/Sede/gl_es/todas-gestiones/procedimientos-no-tributarios/tratamiento-datos-personales/tratamiento-datos-personales/informacion-interesado-sobre-proteccion-datos/5-registro-actividades-tratamiento/5_12-cdc-ciudadanos.html